

UN DÍA NO PAÍS VECIÑO E IRMÁN

O pasado 6 de abril o alumnado do *Xulián Magariños* cruzamos (algúns de nós por primeira vez) o río Miño en dirección a Braga e Guimaraes. E cruzamos en moi poucos minutos, aínda que os nosos profesores María, Amancio e Nuria insistiron en que cando eles eran coma nós podía levar horas pasar unha fronteira con gardas que che pedían a documentación e revisaban todo o que podías levar no “carro”.



Cando chegamos a Braga e paseamos polas súas súas amplas prazas e rúas. O que máis nos chamou a atención foi o magnífico coidado que presentaban os seus moitos xardíns, e mesmo as combinacións de flores nas fachadas das casas. Todo o casco urbano que vimos estaba moi coidado e limpo, e iso que había moitísima xente paseando, nas terrazas, de compras... A propósito disto, polos prezos que vimos ben vale a pena ir mercar a Portugal.

E o que máis vale a pena é comer alí. Todo está riquísimo é moito máis barato que por aquí. As mesmas comidas (agás a tortilla de patacas nosa) e máis abundantes, acompañadas sempre de arroz, gran variedade de ensaladas con froitas tropicais, pizzas de todas as combinacións (algunhas nunca as probamos). E as *francesinhas*... Por só catro euros tomas carne acompañada tamén de salchicha, ovo, queixo... Riquísimas! E tamén teñen toda clase de postres, con gran variedade de doces.

A xente coa que falamos, sobre todo camareiros, foi moi amable. Mais o que nos chamaría a atención tanto en Braga como en Guimaraes é o gran descoñecemento que a maioría teñen de Galicia a pesar dos poucos quilómetros de distancia.

En Guimaraes visitamos o castelo fundado pola poderosa nobre Mumadona, o mesmo castelo polo que correu de neno o primeiro rei de Portugal, Afonso Henriques. A uns pasos está outro de séculos posteriores, o Pazo dos Duques de Bragança, a familia nobre máis poderosa en tempos de todo Portugal.

Como visita didáctica de grupo escolar que eramos, non tivemos que pagar nada en ningún destes dous monumentos, extremadamente ben coidados, cunha información completísima sobre a súa historia e a de todo o reino, e cuns gardas e guías moi preocupados pola nosa seguridade no percorrido polas altas murallas e por que non pasásemos demasiada calor nos tempos de espera (había moitas visitas de grupos de distintos países).

O máis chamativo para a maioría de nós foi a fermosa capela do Pazo dos Duques, cunhas fermosas vidrieiras e unha bóveda de madeira imitando o armazón dun barco. E tamén nos xardíns un grupo de universitarios cunhas togas (a pesar da tremenda calor) identificativas das súas facultades, que nos dixeron que estaban ensaiando unha especie de comedia para representar nun acto de graduación.

Antes de voltar a casa demos un paseo polo centro de Guimaraes, e apreciamos como se coida unha vella cidade medieval que foi o berce e orixe do noso país veciño.

Voltaremos!

Alumnado de Cultura e Lingua portuguesa